

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 5 DE DECEMBRO DE 2011.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Álvarez

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Ausente:

D^a Ana María Abad López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as trece horas do día cinco de decembro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 7 de novembro de 2011.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta de 7 de novembro de 2011.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA.

Neste punto non se adoptou acordo ningún.

C) CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou acordo ningún.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) LIBRAMENTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A VIVENDA HABITADA A D^a CONCEPCION PIQUERAS GUERRERO EN MORÁS.

Vista solicitude formulada por D.^a Concepción Piqueras Guerrero con D.N.I n^o: 33.706.184-Y con domicilio en Portiño, 35 (27876 Morás) de libramento da subvención concedida na Xunta de Goberno Local de 19 de agosto de 2011 por haberse rematado as obras de acondicionamento de accesos á vivenda unifamiliar.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras encóntranse totalmente executadas, e dacordo cos parámetros contemplados na licenza de obra, podendo outorgarse a subvención correspondente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1^o) O libramento da subvención concedida por importe de 300 €.

2^o) A notificación á interesada, os efectos procedentes.

D.2) LIBRAMENTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A VIVENDA HABITADA A D^a MANUELA EIJO RUBIÑOS EN CANALEDO, 2 RIGUEIRA.

Vista solicitude formulada por D^a Manuela Eijo Rubiños, con D.N.I n^o: 76.557.114-G con domicilio en Canaledo, 2 (27879 Rigueira) de libramento da subvención concedida na Xunta de Goberno Local de 19 de agosto de 2011 por haberse rematado as obras de acondicionamento de accesos á vivenda unifamiliar.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras encóntranse totalmente executadas, e dacordo cos parámetros contemplados na licenza de obra, podendo outorgarse a subvención correspondente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

- 1º) O libramento da subvención concedida por importe de 300 €.
- 2º) A notificación á interesada, os efectos procedentes.

D.3)LIBRAMENTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A VIVENDA HABITADA A D. VICENTE CANOURA RODRIGUEZ EN AVDA. DIPUTACION-XOVE

Vista solicitude formulada por D. Vicente Canoura Rodríguez con D.N.I nº: 76.545.603-Q con domicilio en Avda. Diputación, 17 (27870 Xove) de libramento da subvención concedida na Xunta de Goberno Local de 19 de agosto de 2011 por haberse rematado as obras de acondicionamento de accesos á vivenda unifamiliar.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras encóntranse totalmente executadas, e dacordo cos parámetros contemplados na licenza de obra, podendo outorgarse a subvención correspondente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

- 1º) O libramento da subvención concedida por importe de 300 €.
- 2º) A notificación ó interesado, os efectos procedentes.

D.4 LIBRAMENTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A VIVENDA HABITADA A D. JESUS BERMUDEZ PALEO EN RIGUEIRA

Vista solicitude formulada por D. Jesús Bermúdez Paleo con D.N.I nº: 33.763.588-W con domicilio en Vilela, 7 (27879 Rigueira) de libramento da subvención concedida na Xunta de Goberno Local de 19 de agosto de 2011 por haberse rematado as obras de acondicionamento de accesos á vivenda unifamiliar.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras encóntranse totalmente executadas, e dacordo cos parámetros contemplados na licenza de obra, podendo outorgarse a subvención correspondente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

- 1º) O libramento da subvención concedida por importe de 300 €.
- 2º) A notificación ó interesado, os efectos procedentes.

D.5)LIBRAMENTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A VIVENDA HABITADA A D. JOSE A. COCIÑA QUELLE EN C/APEADERO-XOVE.

Vista solicitude formulada por D. José Antonio Cociña Quelle con D.N.I nº: 33.816.805-C con domicilio en c/ Apeadero, 8 (27870 Xove) de libramento da subvención concedida na Xunta de Goberno Local de 19 de agosto de 2011 por haberse rematado as obras de acondicionamento de accesos á vivenda unifamiliar.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras encóntranse totalmente executadas, e dacordo cos parámetros contemplados na licenza de obra, podendo outorgarse a subvención correspondente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

- 1º) O libramento da subvención concedida por importe de 300 €.
- 2º) A notificación ó interesado, os efectos procedentes.

D.6) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE MULLERES BOLBORETAS, DE AXUDA ECONÓMICA PARA OBRADOIRO DE MANUALIDADES.

Visto o escrito de D^a Lucía González Suárez, da como Presidenta da Asociación de Mulleres Bolboretas con domicilio a efectos de notificación en Club Social Urbanización Palmeiro, no que solicita unha subvención para o financiamento do obradoiro de manualidades.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal, a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento

Vista a existencia de crédito para o gasto no vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 2.100 € para o financiamento de obradoiro de manualidades.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o coste da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 1.470€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 2.100 € procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.
- Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.
- Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.
- Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumprir-los seguintes requisitos:
 - O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
 - Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
 - Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

D.7) ESCRITO DA ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA “XOVE” SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 8 DE XULLO DE 2011.

Vista solicitude de D. Ovidio Rouco Otero como Tesoureiro da Asociación Cultural, Deportiva e Recreativa “Xove” con CIF G27284520 e con domicilio en Camiño Real, 34 4º Izqda. (27870 Xove) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 18.000€ na Xunta de Goberno Local de 8-7-2011.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas por importe de 28.881,68€.

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 5.400€.

D.8) ESCRITO DA UNIÓN DEPORTIVA XOVE-LAGO SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO O 14 DE FEBREIRO DE 2011.

Vista solicitude de D. José Iravedra López, como Secretario da Unión Deportiva Xove-Lago con domicilio en Acceso ó Campo de Fútbol, SN (27870 Xove) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 50.000€ na Xunta de Goberno Local de 14-2-2011

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas por importe de 51.835,42€.

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 15.000€.

D.9) ESCRITO DO CLUB NATACIÓN XOVE, SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO O 14-3-2011

Vista solicitude de D. José M. Míguez Valella, en representación do Club Natación Xove, con domicilio en Centro Cívico, SN (27870 Xove) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 30.000€ na Xunta de Goberno Local de 14 de marzo de 2011.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas por importe de 44.782,26€.

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 9.000€.

D.10) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE SUMOAS DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a Josefa Meitín Insua con D.N.I. nº 76.557.108-K, con domicilio en Poceiras, 3 (27878 Sumoas) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (1-4-2011 ata o 30-9-2011), iniciada a partir del 2-10-1997, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 4 de febreiro de 1999, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 2.975,00€, e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.487,50€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rendibilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.11) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN AO CENTRO SOCIAL DE MONTE DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D. Jesús Pérez Pedre con D.N.I. nº 33.857.175-W, con domicilio en Penasagudas, 1 (27879 Monte) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (dende o 23/4/2010 o 22/10/2011), iniciada a partir del 21/10/2002, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 28 de decembro de 1999, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.005,00€, e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.502,50€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederáse no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.12) APROBACIÓN DE ABONO DE SUBVENCIÓN A D.^a ROSA PRIETO MURIEL POR ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A VIVENDA EN VILAR-LAGO.

Visto escrito de D^a Rosa Prieto Muriel con D.N.I. nº 76.557.011-Q con domicilio en Vilar, 16 (27878 Lago) comunicando o remate da obra de acondicionamento de acceso á súa vivenda.

Visto informe do expediente respectivo emitido polo Arquitecto Técnico Municipal e de conformidade co acordo de concesión de axuda da Xunta de Goberno Local con data 19 de agosto de 2011.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda aprobar o libramento da axuda concedida a D^a Rosa Prieto Muriel por importe de 300€ e o seu libramento á interesada, condicionado a que se atope ó corrente das súas obrigas tributarias con esta Entidade.

D.13) APROBACIÓN DE ABONO DE SUBVENCIÓN A D. ANDRÉS PRIETO MURIEL POR ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A VIVENDA EN VILAR-LAGO

Visto escrito de D. Andrés Prieto Muriel con D.N.I. nº 76.543.846-F con domicilio en Vilar, 17 (27878 Lago) comunicando o remate da obra de acondicionamento de acceso á súa vivenda.

Visto informe do expediente respectivo emitido polo Arquitecto Técnico Municipal e de conformidade co acordo de concesión de axuda da Xunta de Goberno Local con data 19 de agosto de 2011.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda aprobar o libramento da axuda concedida a D. Andrés Prieto Muriel por importe de 300 € e o seu libramento ó interesado, condicionado a que se atope ó corrente das súas obrigas tributarias con esta Entidade.

D.14) SOLICITUDE DE D. JOSÉ RODRIGUEZ MARTINEZ DE CORRECCIÓN DE DATOS NA AGRUPACION E SEGREGACIÓN DE PARCELAS EN ASPERA-LAGO.

Por Secretaría dáse conta da solicitude de D. José Rodríguez Martínez, con domicilio en Barxa, 11 (27878 Lago), os efectos de que se realice unha corrección nos datos da agrupación e segregación de parcelas sitas en Aspera-Lago. Polígono N^o69.-Parcelas 156 - 164

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, que se transcribe de seguido:

“De acordo co a documentación que se aporta, así como polos datos obrantes no expediente, emítase o informe seguinte:

- *1º.-Ditas parcelas atópanse dentro da área delimitada como Solo non Urbanizable común de acordo co artigo nº 104 das Normas subsidiarias de Xove. Solo rústico de Protección ordinaria de acordo co artigo 29.1 da L.O.U.G.A.*
- *2º.-De acordo coa documentación aportada, e referida a actual Normativa en vigor, e polas características e ubicación das parcelas, e ao amparo do Artigo 41 da lei 15/2004 de 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia,(L.O.U.G.A), e pertinente a emisión de informe previo da Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural, antes da concesión da licenza por parte de este Axuntamento.*
- *3º.-Este técnico informou favorablemente a segregación que se solicitaba, toda vez que por parte da Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural, emitíuse o correspondente informe favorable, para a segregación da finca situada no lugar de Áspera; Na parroquia de Lago, de este municipio, de Xove, con unha superficie de 1 hectárea, 62 áreas y 50 centiáreas, y de 69 áreas y 67 centiáreas, as cales, unha vez agrupadas, conformarán una sola finca con unha superficie total de 2 hectáreas, 32 áreas e 17 centiáreas, que conforme al RD 330/1999 de 9 de diciembre, e divisible e as catro fincas resultantes da parcelación da mesma, terían unha cabida de 63 áreas*

e 18,55 centiáreas, as parcelas W, X e Y y de 42 áreas y 60,75 centiáreas la parcela 2, en consecuencia a división respecta la superficie mínima indivisible que determina a lexislación agraria.

- 4°.-Na Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión do 7 de abril de 2008, adoptouse entre outros o acordo de conceder a licenza de agrupación e segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que constaba no expediente e no informe emitido por este técnico a resultados igualmente do preceptivo informe favorable da Xunta de Galicia, por medio da súa Consellería do Medio Rural.
- 5°.-Habida conta que a corrección de datos da licenza de agrupación e segregación que se solicita, donde os datos e medicións reais coinciden ao 100% cos reflexados sobre a cartografía catastral actual, e non inciden no informe emitido pola Consellería do Medio Rural, toda vez que existe un incremento da parcela denominada como parcela Z e que non afecta ao total das demais parcelas por existir un erro, non na medición do perímetro, se non nos datos numéricos existentes na anterior cartografía catastral, **procede a corrección de datos da licenza outorgada** no seu día, co nova medición de 5.292m²,(en vez dos 4.260,75m²), de acordo coa reciente medición xa incorporada a Cartografía Territorial do Catastro.
- 6°.-Por tratarse de terreos calificados como Solo Rústico de Protección Ordinaria, recordase expresamente que a agrupación e segregación de referencia, única e exclusivamente ten como obxectivos, a mellora do uso agrícola e gandeiro, e en ningún dos casos, usos residenciais.”

Pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda:

- 1º) Autorizar a corrección solicitada na agrupación-segregación de parcela sinalada, sita en Aspera-Lago, nos termos sinalados no Informe do Arquitecto Técnico Municipal. (parcela Z cunha superficie de 5.292 m².)
- 2º) A remisión ó interesado do presente acordo, así como da documentación complementaria ó mesmo.

D.15) APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE KARAOKE E A SÚA CONVOCATORIA PARA O NADAL 2011-2012.

Por Secretaría dáse conta das bases reguladoras do Concurso de Karaoke e a convocatoria para Nadal de 2011-2012 que a seguir se transcriben :

“BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE KARAOKE

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o Nadal, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes

BASES

▪ **PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de karaoke de Nadal organizado polo Concello de Xove.

▪ **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquera persoa.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

-Copia do N.I.F. do concursante ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade.

A ficha de inscrición deberá presentarse antes das 15 horas do día previo á celebración do concurso ben personándose nas dependencias do Concello de Xove-Oficina do Técnico de Cultura. Tamén poderá presentarse o mesmo día do concurso, de 19 a 21 horas no salón de Actos do Centro Cívico. Non obstante, para os ensaios previos ao concurso terán preferencia

os inscritos antes nas dependencias do Concello, tomando en consideración a súa orde de inscrición.

A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

▪ **TERCEIRA.- COMPOSICIÓN DO XURADO**

O xurado estará composto por tres membros, seleccionados pola organización do concurso.

▪ **CUARTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO**

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 340 euros € (partida 338.481 do Estado de Gastos do Municipal).

Os premios serán concedidos no exercicio seguinte ao da convocatoria co que será de aplicación o previsto no artigo 56 da Lei Xeral de Subvencións sobre tramitación anticipada de gasto. A concesión queda así condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

▪ **QUINTA.- PREMIOS**

Haberá tres categorías: Peques, iunior e veteranos. En cada unha destas categorías premiarase a “Mellor voz” e “Mellor caracterización”. No primeiro caso, para a concesión do premio, o xurado atenderá á calidade da voz, modulación ou entonación. No segundo caso valorarase o vestiario, maquillaxe e aspectos similares.

Peques:

Poderán participar nesta categoría os menores de 12 anos

Premio á “Mellor voz”: 20 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 20 euros

Iunior:

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 12 anos ou máis e que non cumpriran os 18 anos.

Premio á “Mellor voz”: 50 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 50 euros

Veteranos:

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 18 anos ou máis.

Premio á “Mellor voz”: 100 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 100 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

▪ **SEXTA.- PROCEDIMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS**

Unha vez rematado o concurso, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. De acordo coa mesma entregarase aos gañadores un cheque-regalo que poderá gastarse en calquera establecemento comercial ubicado dentro do término municipal de Xove.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para a concesión dos premios.

O establecemento comercial no que o beneficiario decida gastar o seu premio, deberá emitir factura a nome deste ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade, especificando o premio e a categoría na que o beneficiario resultou gañador, tal e como conste no cheque-regalo. A factura deberá presentarse polo beneficiario na Tesourería do Concello para o cobro do premio, unha vez concedidos pola Xunta de Goberno Local.

▪ **SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estruturadamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

▪ **DISPOSICIÓN FINAL**

As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas. “

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda:

1º) Aprobar as transcritas bases reguladoras do Concurso de karaoke e a convocatoria para Nadal de 2011-2012.

2º) Autorizar o gasto de 340 Euros con cargo á partida 338.481 do Estado de Gastos para o exercicio 2012, condicionado o outorgamento da subvención á existencia de crédito adecuado e suficiente, dentro do orzamento do Concello para o exercicio 2012.

3º) Ordear a súa publicación na web do Concello e mediante anuncios no taboeiro de anuncios ou calquera outro medio.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e trinta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

